



INFORMACIÓN SOBRE PRAZO E MODO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN PROTOCOLO (GRUPO A - SUBGRUPO A1)

1 PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 13 de marzo de 2020 na que se aproban as bases xerais sinala:

“Base 5.3. O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP”

Como consecuencia **o prazo de presentación de solicitudes abre ás 00:00 do día 30 de xaneiro de 2021 e remata as 23:59 minutos do día 8 de febreiro de 2021.**

2 LUGAR DE PRESENTACIÓN (BASE 5.2)

a) Presentación na Sede Electrónica da Deputación de Lugo: acceso a través da sede electrónica no Catálogo de servizos – Recursos Humanos, onde figura o modelo oficial de solicitude - relación de méritos.

Para este trámite será necesario contar con certificado electrónico e que os documentos que se deben incorporar coa solicitude sexan orixinais con código de verificación.

Deberase presentar:

a.1 Solicitude de participación - relación de méritos (non debendo presentar as acreditacións documentais dos méritos relacionados, xa que únicamente as presentarán as persoas aspirantes que superen a fase de oposición).

a.2 Os orixinais (con código de verificación) dos documentos que se sinalan no punto 3.

b) Presentación Rexistro Xeral: deberase pedir **cita a través do número de teléfono 982 260 030.**

O día da presentación deberán levar:



b.1 A instancia cuberta, xunto coa relación de méritos que desexe facer constar (non debendo presentar as acreditacións documentais dos méritos relacionados xa que únicamente as presentarán as persoas aspirantes que superen a fase de oposición)

b.2 Os orixinais dos documentos que se deben incorporar coa solicitude que se sinalan a continuación no apartado 3.

3 DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE(BASE 5.4)

- a) A **titulación académica** oficial esixida na base específica 4 (**GRAO EN PROTOCOLO E ORGANIZACIÓN E EVENTOS OU EQUIVALENTE**)
- b) O **DNI**, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público.
- c) O **nivel de galego** esixido na base específica 5 (**CELGA 4**), no suposto de non acreditalo deberá realizar, de se lo caso, a proba regulada na base xeral 8.1.3
- d) O documento acreditativo do **pago da taxa** de participación en procedementos selectivos (Base Xeral 5.6)

TAXA: 15€ ou 3,75€ no suposto de pagar taxa reducida (neste suposto debera achegar as acreditacións da condición de persoa desempregada xunto coa de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva).

ABONO DA TAXA

Efectivo na Tesouraría da Deputación de Lugo: deberase pedir cita no teléfono **982 260 017**.



Xiro postal ou transferencia bancaria ao número de conta ESO(cero)4-2080-0163-8531-10000423 de Abanca.

- e) **Certificado de discapacidade no suposto** de solicitar adaptación de probas ou participar en listaxe de emprego reservados a persoas con discapacidade.

Para calquera aclaración pode chamar a Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación Provincial a través de calquera dos seguintes números de teléfono 982 260 082/ 982 260 198 / 982 260 043.

A XEFA DA SECCIÓN DE SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CARREIRA.